

Dona Susana Mariño Lorenzo, secretaria accidental do concello de Carballo - A Coruña

## **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 1 de febreiro de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### **"4.- Convenios**

#### **4.2.- Convenio de colaboración entre o concello de Carballo e a Fundación Luis Calvo Sanz e INTERFILM Carballo para o financiamento do XXIII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís. Aprobación**

*Co obxecto de contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía, o Concello de Carballo organiza o Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, que este ano chega á súa XXIII edición.*

*Tanto a Fundación Luis Calvo Sanz, como Interfilm Carballo- Servizos Dixitais, teñen a vontade de colaborar co concello, no patrocinio desde certame.*

*Así, a Fundación Luis Calvo Sanz, contribuír á achegando a contía do Segundo premio deste certame, que ascende á cantidade de 750 €, e Interfilm Carballo- Servizos Dixitais, coa dos accésits, que ascenden á cantidade de 300 €. Estas cantidades serán aboadas, na conta bancaria designada polo concello de Carballo.*

*Visto o anterior, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 27/01/2021, no expte. 2021/A005/000001, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:*

**Primeiro.-** *Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e a Fundación Luis Calvo Sanz, para a realización do XXIII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís, cuxo clausulado se transcribe a continuación:*

#### **CLÁUSULAS**

##### **PRIMEIRA. – Finalidade**

*A finalidade deste convenio é promover a cultura, contribuír á creación artística e fomentar a divulgación da fotografía, así como enriquecer a oferta cultural de Carballo establecendo unha colaboración entre o Concello de Carballo e a Fundación Luis Calvo Sanz colaboradora habitual en diversas actividades culturais tanto do Concello de Carballo como doutras entidades, coa realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, concurso de fotografía de carácter anual organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Carballo.*

##### **SEGUNDA. – Obxecto**

*O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Carballo e a Fundación Luis Calvo Sanz para a realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís.*

*O Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís é un concurso de fotografía que organiza a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo con carácter anual e que ten por obxecto contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.*

*Poden participar neste concurso todas as persoas físicas que o soliciten e cumpran co establecido nas súas Bases que serán aprobadas polo organismo correspondente. A dotación total dos premios é de 3.050 € distribuídos en 1.500 € o Primeiro premio, 750 € o Segundo premio, 500 € o Premio Especial Carballo, así como un importe total de 300 € en accésits. Unha vez feita a Convocatoria, recibidas as obras e realizado o fallo do xurado, se a situación sanitaria o permite realizárase un acto de entrega de premios e unha exposición coas obras gañadoras e un selección de obras presentadas a dito Certame.*

*Esta colaboración entre o Concello de Carballo e a Fundación Luis Calvo Sanz regúlase nos termos e condicións que se establecen a continuación.*

##### **TERCEIRA.- Realización:**

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2021/G007/000003

*O Concello de Carballo realizará a convocatoria da XXIII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís durante o ano 2021 para que os interesados presenten as súas obras.*

*Tal como se establece nas bases, aprobadas polo organismo correspondente, a composición do xurado contará coa presenza de persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe, dun representante das asociacións culturais de Carballo e un ou máis representantes do Concello de Carballo. Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados sendo o encargado de seleccionar as obras premiadas. Unha vez coñecido o fallo do xurado, se a situación sanitaria o permite o Concello de Carballo organizará o acto de entrega de premios e unha exposición coas obras gañadoras e unha selección das obras presentadas, o lugar previsto é o Pazo da Cultura de Carballo.*

**CUARTA.- Obrigas de ambas partes:**

**Fundación Luis Calvo Sanz:**

*1. Asumirá o importe do Segundo premio do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, que ascende á cantidade de 750 €, ingresando a devandita cantidade na conta bancaria designada polo Concello de Carballo.*

**Obrigas do Concello de Carballo:**

*1. Convocar a XXIII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís durante o ano 2021, encargarse da difusión das bases.*

*2. Convocar ao xurado para realizar a reunión do fallo do devandito Certame.*

*3. Comunicar as obras gañadoras aos seus autores/as.*

*4. Se a situación sanitaria o permite organizar o acto de entrega de premios para o que se convocará a un representante da Fundación Luis Calvo Sanz.*

*5. Realizar unha exposición coas obras premiadas e unha selección das obras presentadas.*

*6. Asumir os gastos derivados da realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, do acto de entrega de premios e exposición das obras.*

*Cada parte asumirá os gastos que se compromete a realizar baixo o presente Convenio.*

**QUINTA.- Difusión**

*Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se realice, as partes comprométense a facer mención expresa da mutua colaboración.*

*O Concello de Carballo difundirá a información relativa a este Certame, indicando o patrocinio da Fundación Luis Calvo Sanz S.A. e insertando o seu logotipo en dita publicidade. Con este fin esa información formará parte das bases e programa que deseñará e editará o Concello de Carballo.*

*Á súa vez a Fundación Luis Calvo Sanz poderá difundir esta actividade polos medios que considere oportunos e facer toda a publicidade necesaria indicando a organización do Concello de Carballo.*

*Así mesmo no lugar de celebración dos actos poderanse instalar infraestruturas coa imaxe do programa e logotipos dos organizadores e patrocinadores.*

**SEXTA.-** *As fotografías premiadas quedarán en propiedade do Concello de Carballo e os/as autores/as ceden a este os dereitos de comunicación pública de forma indefinida. Neste sentido, os/as autores/as renuncian, a favor do Concello de Carballo, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.*

*A Fundación Luis Calvo Sanz poderá empregar as imaxes gañadoras en actividades sen fins comerciais nen económicos para a difusión da súa colaboración co Certame, facendo constar os/as autores/as das obras e que son as fotografías gañadoras do XXII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís organizado polo Concello de Carballo.*

**SÉTIMA.- Vixencia**

*O presente convenio entra en vigor na data da súa sinatura e manterase en vigor ata o fin das actividades realizadas en relación co XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís.*

**OITAVA.-** *O incumprimento do estipulado no presente convenio será motivo de resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas corresponda á parte cumpridora.*

**NOVENA.-** *En caso de suspensión por casos fortuítos ou de forza maior ambas as partes poderán acordar un cambio de data ou a súa suspensión definitiva.*

**DÉCIMA.-** *Natureza, resolución de conflitos e normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no art. 4.1.d do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, pola Alcaldía do Concello de Carballo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos tribunais con xurisdición no municipio de Carballo para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.*

**Segundo.-** *Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e Interfilm Carballo-Servizos Dixitais, para a realización do XXIII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís, cuxo clausulado se transcribe a continuación:*

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2021/G007/000003

**CLÁUSULAS****PRIMEIRA. – Finalidade**

A finalidade deste convenio é promover a cultura, contribuír á creación artística e fomentar a divulgación da fotografía, así como enriquecer a oferta cultural de Carballo coa realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, concurso de fotografía de carácter anual organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Carballo.

**SEGUNDA. – Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Carballo e a empresa InterFilm Carballo para a realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís.

O Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís é un concurso de fotografía que organiza a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo con carácter anual e que ten por obxecto contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

Poden participar neste concurso todas as persoas físicas que o soliciten e cumpran co establecido nas súas Bases que serán aprobadas polo organismo correspondente.

A dotación total dos premios é de 3.050 € distribuídos en 1.500 € o Primeiro premio, 750 € o Segundo premio, 500 € o Premio Especial Carballo, así como un importe total de 300 € en accésits.

Unha vez feita a Convocatoria, recibidas as obras e realizado o fallo do xurado, se a situación sanitaria o permite realizarase un acto de entrega de premios e unha exposición coas obras gañadoras e un selección de obras presentadas a dito Certame.

Esta colaboración entre o Concello de Carballo e a empresa InterFilm Carballo regúlase nos termos e condicións que se establecen a continuación.

**TERCEIRA.- Realización:**

O Concello de Carballo realizará a convocatoria da XXIII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís durante o ano 2021 para que os interesados presenten as súas obras.

Tal como se establece nas bases, aprobadas polo organismo correspondente, a composición do xurado contará coa presenza de persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe, dun representante das asociacións culturais de Carballo e un ou máis representantes do Concello de Carballo. Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados sendo o encargado de seleccionar as obras premiadas.

Unha vez coñecido o fallo do xurado, se as condicións sanitarias o permiten o Concello de Carballo organizará o acto de entrega de premios e unha exposición coas obras gañadoras e unha selección das obras presentadas, o lugar previsto é o Pazo da Cultura de Carballo.

**CUARTA.- Obrigas de ambas partes:****InterFilm Carballo:**

1. Asumirá o importe dos accésits do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, que ascende á cantidade de 300 €, ingresando a devandita cantidade na conta designada polo Concello de Carballo.

**Obrigas do Concello de Carballo:**

1. Convocar a XXIII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís durante o ano 2021, encargarse da difusión das bases.
2. Convocar ao xurado para realizar a reunión do fallo do devandito Certame.
3. Comunicar as obras gañadoras aos seus autores/as.
4. Se a situación sanitaria o permite organizar o acto de entrega de premios para o que se convocará a un representante da empresa InterFilm Carballo.
5. Realizar unha exposición coas obras premiadas e unha selección das obras presentadas.
6. Asumir os gastos derivados da realización do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, do acto de entrega de premios e exposición das obras.

Cada parte asumirá os gastos que se compromete a realizar baixo o presente Convenio.

**QUINTA.- Difusión**

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se realice, as partes comprométense a facer mención expresa da mutua colaboración.

O Concello de Carballo difundirá a información relativa a este Certame, indicando o patrocinio da InterFilm Carballo e insertando o seu logotipo en dita publicidade. Con este fin esa información formará parte das bases e programa que deseñará e editará o Concello de Carballo.

Á súa vez a empresa InterFilm Carballo poderá difundir esta actividade polos medios que considere oportunos e facer toda a publicidade necesaria indicando a organización do Concello de Carballo.

Así mesmo no lugar de celebración dos actos poderanse instalar infraestruturas coa imaxe do programa e logotipos dos organizadores e patrocinadores.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2021/G007/000003

*SEXTA.- As fotografías premiadas quedarán en propiedade do Concello de Carballo e os/as autores/as ceden a este os dereitos de comunicación pública de forma indefinida. Neste sentido, os/as autores/as renuncian, a favor do Concello de Carballo, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.*

*A empresa InterFilm Carballo poderá empregar as imaxes gañadoras en actividades sen fins comerciais nin económicos para a difusión da súa colaboración co Certame, facendo constar os/as autores/as das obras e que son as fotografías gañadoras do XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís organizado polo Concello de Carballo.*

*SÉTIMA.- Vixencia*

*O presente convenio entra en vigor na data da súa sinatura e manterase en vigor ata o fin das actividades realizadas en relación co XXIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, durante o ano 2021.*

*OITAVA.- O incumprimento do estipulado no presente convenio será motivo de resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas corresponda á parte cumpridora.*

*NOVENA.- En caso de suspensión por casos fortuítos ou de forza maior ambas as partes poderán acordar un cambio de data ou a súa suspensión definitiva.*

*DÉCIMA.- Natureza, resolución de conflitos e normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no art. 4.1.d do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, pola Alcaldía do Concello de Carballo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos tribunais con xurisdición no municipio de Carballo para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación."*

**Terceiro.-** *O Sr. Alcalde asinará os devanditos convenios e ditará as ordes oportunas para a súa execución."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.

O alcalde